

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de xaneiro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 4, 11, 18, 25 de setembro; 2 e 9 de outubro de 2024 (exp. 2024/G004/000703).

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para ampliación en altura de edificio, remodelación de trece vivendas e ampliación do número de vivendas en oito, para a construción dun local en planta baixa sen uso definido e un total de 21 vivendas en sete plantas altas, sobre soto existente con licenza anterior 391/07, na rúa Poeta Manuel María - esquina rúa Vázquez Aueipo (exp. 2022/Y001/000063).

2. XESTIÓN.- Acórdase a resolución das solicitudes de detalle do prezo xusto dos copropietarios afectados e de rectificación de titularidade das parcelas afectadas no expediente do "Proxecto de expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento das obras de desdoblamento da avenida Infanta Elena de Lugo entre a Rotonda do Centro Comercial 'As termas' e a Rotonda da Avenida Benigno Rivera (O Ceao - Lugo)".

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na concesión demanial para o uso privativo para a explotación do servizo de cafetería-restaurante anexa ao centro de empresas e innovación (Complejo Cei-Nodus-espazo Lab-Parque de Bombeiros) ref. 2024/C012/000004.

Acórdase a adxudicación na contratación das obras de "Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que comunica a N-VI coa estrada provincial LU-P-2902 atravesando o núcleo rural de Guntín", Obra incluída no Plan Provincial

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac202529237302250627.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-10-2024

Único de Cooperación aos concellos para a anualidade 2024 exp. 2024/C002/000011.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación das obras de “Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que comunica a estrada provincial LU-612 cos núcleos rurais de Barreiros, Faxilde e Cuíña, na Parroquia de Saa”, obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación aos concellos para a anualidade 2024 exp. 2024/C002/000010.

Do mesmo xeito, acórdase a adxudicación no expediente de concesión demanial de postos de venda no Mercado de Quiroga Ballesteros e na praza Municipal do Concello de Lugo exp. 2024/C012/000002.

4. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento de 7 funcionarios de carreira no corpo da policía local do Concello de Lugo.

Acórdase a modificación do acordo 4/440 de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de técnico/a de turismo incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021 polo sistema de concurso, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 9 de outubro de 2024.

Tamén se acorda a modificación do acordo 2/438 de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de celador ceip incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 9 de outubro de 2024.

Do mesmo xeito, acórdase a modificación do acordo 3/439 de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de axudante/a cociña-limpeza incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade intelectual, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 9 de outubro de 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude da subvención destinada ao cofinanciamento do mantemento de axentes locais de innovación por parte dos concellos das cidades membros da rede innpulso - ano 2024 (código de proxecto: 232410006).

FORA DA ORDE DO DÍA

- Elevación a definitivo do acordo 11/453 da Xunta de Goberno Local de data 16 de outubro de 2024 de adscripción por motivos de saúde dun funcionario como ordenanza nos edificios administrativos.

- Elevación a definitivo do acordo 9/451 da Xunta de Goberno Local de data 16 de outubro de 2024 de adscripción por motivos de saúde ao Servizo de Augas.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.